

ANUNCIO DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL Dous (2) técnicos/as de dinamización do Centro de Innovación, Emprendemento e Participación Social (CIEPS)

Proceso de selección e de contratación de dous (2) técnicos/as de dinamización do Centro de Innovación, Emprendemento e Participación Social (CIEPS) no marco do proxecto denominado <<Montes e Vales Orientais Territorio Rural Intelixente>>. Proxecto financiado pola Dirección General de Políticas Contra la Despoblación - Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico. Gobierno de España.

O Secretario Xeral da Federación Galega de Municipios e Provincias (en adiante FEGAMP), co obxecto de xestionar a provisión de necesidades de persoal incluídas no proxecto <<Montes e Vales Orientais Territorio Rural Intelixente>> aprobado na convocatoria da Orde TED/1358/2021, de 1 de decembro, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a financiación de proxectos innovadores para a transformación territorial e a loita contra a despoboación promovido pola Dirección General de Políticas Contra la Despoblación - Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico. Gobierno de España e con número de expediente ID_SGRD A-057, convoca o proceso de selección e a contratación de dous (2) técnicos/as de dinamización do Centro de Innovación, Emprendemento e Participación Social (CIEPS) no marco do proxecto denominado <<Montes e Vales Orientais Territorio Rural Intelixente>>.

Bases que rexerán o proceso de selección e de contratación

O artigo 46 dos Estatutos da FEGAMP establece que o Presidente da Federación terá entre outras atribucións “Dirixir o goberno e administración activa da Federación Galega de Municipios e Provincias”.

A súa vez, os artigos 48 e 50 dos Estatutos da FEGAMP establecen as atribucións da Secretaría Xeral – Intervención.

Con data 16 de xuño de 2022, o Presidente da FEGAMP delega no Secretario xeral-interventor os poderes para a execución, xestión e xustificación do proxecto <Montes e Vales Orientais Territorio Intelixente> .

En virtude de todo o anterior, efectúase o proceso de selección e posterior contratación, si procede, para a cobertura do posto:



Primeiro: Perfil dos postos ofertados

| | |
|-------------------------|---|
| Denominación | Técnicos/as de dinamización do Centro de Innovación, Emprendemento e Participación Social (CIEPS) no marco do proxecto denominado <<Montes e Vales Orientais Territorio Rural Intelixente>. |
| Nº de prazas | 2 postos, ambos a media xornada. |
| Réxime xurídico | As persoas seleccionadas subscribirán os correspondentes contratos laborais, e estarán sometidas ao contrato suscrito, ao Estatuto dos Traballadores e ao convenio de aplicación na entidade. |
| Retribucións anuais | As establecidas para un posto de técnico/a superior na FEGAMP, a media xornada por un período de 18 meses, sendo o salario bruto mensual de 1.415,27 €. |
| Formación requirida | Estudios de Licenciatura / Grao en Ciencias Políticas; Ciencias da Información; Dereito; Económicas; Empresariais; Traballo Social. Idiomas galego e castelán como linguas nativas. Valoraranse outros idiomas da UE aportando os certificados correspondentes. |
| Experiencia profesional | <ul style="list-style-type: none"> - Experiencia en xestión de recursos no ámbito rural. - Experiencia en cooperativismo. - Experiencia en oficinas de atención ao visitante. - Deseño de materiais didácticos audiovisuais. - Experiencia na xestión de equipos. - Actividades profesionais en/con organismos públicos. - Actividades profesionais en/con entidades do terceiro sector. - Actividades profesionais centradas en innovación do medio rural. <p>*As acreditacións da experiencia profesional faranse a través de certificado da entidade na que se desenvolveu a actividade ou a través da vida laboral.</p> |
| Tarefas a desenvolver | <ul style="list-style-type: none"> - Coordinar e desenvolver a actividade do Centro de Innovación, Emprendemento e Participación Social (CIEPS). - Coordinarse funcionalmente coa Área de Comunicación e a Área de Fondos Europeos da FEGAMP durante O desenvolvemento do proxecto. - Atención ao público no Centro de Innovación, Emprendemento e Participación Social (CIEPS). - Participar no deseño e execución do Plan de Comunicación, Formación e Participación Cidadán. - Participar no deseño da web do proxecto. - Alimentar a web do proxecto e as súas redes sociais. |



| | |
|----------------------------|---|
| | <ul style="list-style-type: none"> - Participar na configuración da aplicación de asistencia sociosanitaria a maiores, definición dos protocolos de servizo e formación de usuarios. - Participar no deseño do Plan de Emprendemento asociado á video asistencia a maiores. - Colaborar na elaboración do mapa de inmobles e propiedades para aluguer no ámbito territorial do GDR Montes e Vales Orientais. - Colaborar no deseño e execución de xornadas de sensibilización sobre a cultura do aluguer en áreas rurais despoboadas. - Colaborar no deseño e execución de actividades de promoción de emprego de novos poboadores/ refuxiados. - Colaborar na coordinación xeral do proxecto, a súa administración, xestión e xustificación. - Colaborar na difusión do proxecto e as súas actividades, na creación de materiais divulgativos e promoción destes, en colaboración coa área de comunicación da FEGAMP. |
| Habilidades e competencias | Capacidade de produción de documentos, deseño e execución de actividades de carácter estratéxico para a xestión e xustificación do proxecto. |
| Duración | 18 meses desde a sinatura do contrato. |
| Modalidade de traballo | Presencial. |
| Lugar de traballo | Santiago de Compostela (A Coruña). Baleira e área de influencia do GDR Montes e Vales Orientais (Lugo). |
| Outros requisitos | <ul style="list-style-type: none"> -. Permiso de conducir B e vehículo propio. -.Dispoñibilidade de incorporación inmediata. -.Dispoñibilidade para residir na área de influencia do GDR Montes e Vales Orientais (Lugo). |

Segundo: Presentación de solicitudes e documentación.

As solicitudes serán dirixidas á Secretaría xeral da FEGAMP, e se presentarán a través de registro@fegamp.gal coa referencia A-057.

Poderán presentarse as candidaturas desde o 1 de xuño de 2023 ata o 10 de xuño de 2023. A solicitude acompañarase do currículum vitae e escaneado da documentación acreditativa da formación académica, experiencia profesional así como doutros méritos que as persoas candidatas valoren de utilidade para o desempeño do posto.



Terceiro: Selección.

A Secretaría xeral e a Dirección xeral da FEGAMP, auxiliados polo persoal técnico que se designe para este proceso de contratación, examinarán as solicitudes presentadas e comprobarán si compren os requisitos exixidos. Neste caso, se valorarán os méritos que resulten debidamente acreditados. Poderá celebrarse entrevista persoal presencial cos candidatos/as seleccionados/as. A convocatoria poderá declararse deserta si ningunha das candidaturas presentadas reúne o perfil idóneo para o posto. Nun prazo non superior a 10 días naturais desde o peche do prazo de solicitudes, publicaráse a resolución do proceso de selección e se lles comunicará aos candidatos seleccionados.

Cuarto: Protección de datos de carácter persoal.

O tratamento dos datos de carácter persoal realizarase conforme ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 e á Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa aplicable en materia de protección de datos. Os datos persoais das persoas que participen neste proceso, utilizaranse coa única finalidade de realizar o proceso de selección para a contratación do posto de traballo ofertado, podendo exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade en calquera momento dirixíndose a dpd@fegamp.gal

Quinto: Transparencia e publicidade

O presente anuncio será publicado no Portal de Transparencia e na páxina web da FEGAMP.

Eduardo Ramonde Rodriguez
Secretario xeral

(documento asinado electrónicamente)

